

ORDENANZA REGULADORA SOBRE PORTAS CARRETERAS E PASAXES PERMANENTES DE ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS EN OUTEIRO DE REI (LUGO)

ARTIGO 1º

Os vehículos que para entrar nunha propiedade deban atravesar un espacio reservado ós peatóns, deberán necesariamente, facelo por espacio autorizado. Do mesmo xeito, soamente poderán utilizar as reservas de espacio e reserva de espacio de minusválido, quenes teñan autorización para elo.

ARTIGO 2º.- CONCEPTOS

1. PORTA CARRETERA

Considérase porta carretera toda aquela que restrinja o estacionamento a realización de tarefas de carga e descarga, estando suxeita á taxa municipal correspondente.

2. PASAXE PERMANENTE

En todo espacio reservado para a entrada e saída de carruaxes dende os inmobles ou propiedades fronte ós cales se autorice, independentemente da estrutura física da acera, calzada ou bordillo fronte ós mesmos.

3. RESERVA DE ESPACIO DE MINUSVÁLIDO

No espacio reservado para o aparcamento do vehículo usado habitualmente por unha persoa con graves problemas de mobilidade, o cal deberá concederse o máis cercano posible ó acceso ó domicilio do usuario, previo informe dos Servicios Sociais Municipais.

ARTIGO 3º.- USO

A porta carretera será única e exclusivamente para facilitar a carga ou descarga de mercadorías nun local, estando prohibido o estacionamento ou aparcamento de vehículos dentro do mesmo máis alá do tempo necesario para efectuar as tarefas mencionadas.

A concesión da licenza de porta carretera non da dereito a vado nin de rebaixe de bordillo. Para a obtención destes, deberá seguirse a tramitación correspondente según os artigos desta Ordenanza.

Os pasaxes permanentes serán de uso permanente, e permitirán o paso durante as 24 horas do día, prohibíndose automaticamente na calzada e fronte o mesmo estacionamento de vehículos, incluso os que sexan do titular do vado.

O Concello resérvase o dereito de fixar o horario de uso dos “espacios de carga e descarga”, según considere oportuno.

A reserva de aparcamento de minusválido será de uso permanente, estando prohibido o estacionamento de outro vehículo que non sexa o usado polo titular.

ARTIGO 4º.- ESTACIONAMENTO

O aparcamento de vehículos sobre o vado ou reserva de espacio está totalmente prohibido.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, tolerarase o estacionamento de vehículos fronte ós vados e espacios reservados nos que se atope o conductor, a fin de desplazalo cando se precise a utilización dos mesmos.

ARTIGO 5º.- NORMAS XERAIS

Para a concesión de porta carretera, as peticións deberán concretarse ó solicitar a licenza municipal e si ésta fora concedida, será simultánea á entrega duna placa numerada para a súa identificación.

Para a concesión de pasaxe permanente, as peticións que se formulen deberán concretarse ó solicitar a licenza municipal de entrada e saída de carruaxes, e si ésta lle fora concedida, será simultánea a entrega da sinal de vado permanente numerado para a súa identificación.

Para a concesión de reserva de aparcamento de minusválido, a petición deberá concretarse ó solicitar a licenza municipal de reserva permanente de dito espacio, o cal deberá situarse o máis cerca posible do acceso ó domicilio da persoa solicitante.

ARTIGO 6º.- CARÁCTER DA CONCESIÓN

A concesión da licenza será, en todos os casos en precario, sin perxuicio de terceiros.

As autorizacións concedidas poderán ser retiradas ou modificadas cando os intereses xerais do municipio o consideren conveniente, por reformas de urbanización, regulamentación de conxuntos, regulación do tráfico ou utilidade pública, sin dereito nin indemnización algunha para o concesionario, e sempre mediante comunicación motivada e fehaciente do interesado.

ARTIGO 7º.- OBLIGACIÓNS

A concesión da licenza non crea ningún dereito adquirido, debendo o titular, en todo caso, suprimir o rebaixe e repoñer a acera e bordillo o seu anterior estado a súa costa, cando para elo sexa requerido polo Concello.

O titular da licenza está obrigado exclusivamente a:

- a) Conservar en bon estado o pavimento e sinal indicadora.
- b) Efectuar no pasaxe, á súa costa, cantas obras ordinarias e extraordinarias ordene o Concello, por causas xustificadas.

- c) Refacer a acera e bordillo ó seu estado primitivo unha vez se haxa solicitado a anulación da licencia concedida, surtindo efecto ésta en canto se comprobe que o rebaixe da acera foi eliminado e devolta a placa correspondente ó Concello.

ARTIGO 8º.- DURACIÓN

A concesión da licencia de porta carretera, pasaxe permanente ou reserva de minusválido será por tempo indefinido, estando limitada a súa duración ás condicións expresadas no Art. 6º destas Ordenanzas, ou ata que o concesionario decida anula-la.

Si fora anulada a licencia, o titular da mesma deberá retirar e entregar a placa nas Oficinas de Xestión Tributaria, pasando a causar baixa a efectos de cotización a partir dese momento.

Se fora anulada a licencia, ou se cambiase de actividade a edificación á que presta servizo a ocupación do dominio público, procederase por parte do titular á retirada e entrega da placa nas Oficinas de Xestión Tributaria.

Asemesmo, procederá á reposición do rebaixe da acera e do bordillo ó seu estado orixinal, finada a cal, se lle entregará un xustificante ó Técnico Municipal correspondente, que deberá ser presentado en Xestión Tributaria para proceder á baixa da placa de vado.

De non ser así, procederíase polos Servicios Municipais con coste ó titular.

ARTIGO 9º.- TITULAR

Únicamente poderán solicitar licencia de porta carretera ou pasaxe permanente os propietarios dos locais.

A licencia de reserva de minusválido poderá solicitala tanto o propietario como o arrendatario ou usufrutuário do local ou vivenda ó que está afecta.

O responsable de cantas obrigacións implique a licencia de porta carretera, reserva de minusválido ou pasaxe permanente será sempre o titular do mesma.

EXCEPCIÓNS:

Estarán exentos de cumprir este artigo:

1. Por un período dun (1) ano, os contratistas de novas edificacións que aínda tendo licencia de 1ª ocupación, teñan vendidas prazas de garaxe pero non teñan constituída a Comunidade de Vecinos.
2. Os administradores de fincas cando estén solicitando o pasaxe permanente para un garaxe comunitario ó cal estén representando, previa presentación do acordo da Comunidade.
3. Cando o solicitante sexa copropietario da vivenda ou local para o cal se solicita o vado, debendo neste caso aportar algún documento que demostre dita copropiedade, así como certificado de empadronamento de residencia nesta vivenda.

ARTIGO 10º.- DISTINTIVOS

O sinal ou placa indicadora de concesión de porta carretera, pasaxe permanente ou reserva de aparcamento de minusválido, terá modelo oficial fixado polo Concello, e nela figurará o número de rexistro da autorización así como a data de revisión. No caso de placa de reserva de espaciao figurará ademáis a limitación horaria.

Queda expresamente prohibido a instalación de outro tipo de placas e carteis indicadores de prohibido aparcar, así como calquer utilización de sinais horizontais ou verticais que non sexan oficiais, nin pintado de bordillos.

A reserva de aparcamento de minusválido contará de forma xeral con unha anchura de 3,30 mts. para o aparcamento en batería, ou de cinco mts, para o aparcamento lateral.

Os titulares das licencias delimitarán por medio duna línea perimetral de color branco a área de reserva asignada.

Pintarase no centro da área o símbolo de minusvalía.

O sinal vertical de reserva de espaciao colocarse con un poste na acera, figurando tamén no mesmo, o símbolo de minusválido, sendo obrigación do usuario, colocar unha placa auxiliar reglamentaria na que figurará a matrícula do seu vehículo.

ARTIGO 11º .- REQUISITOS

1.- PORTA CARRETERA

Para obter a licencia de porta carretera, as peticións deberán acreditar:

- a) Que o propietario do local se atope ó corrente de pago de impostos e taxas municipais.
- b) Que se trate de establecementos industriais ou comerciais cuxa actividade esixa necesariamente a carga e descarga de mercaderías no seu interior.
- c) Que non dificulte a circulación rodada ou peatonal.
- d) Que dispoña da preceptiva licencia municipal de obras, apertura ou funcionamento, según os casos.

2.- PASAXE PERMANENTE

Para obter a licencia de pasaxe permanente, as peticións deberán acreditar:

- a) Que o propietario se atope ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello.
- b) Que non dificulte a circulación rodada ou peonil.

Que a edificación á que presta servizo dispoña da preceptiva licencia municipal de obras, primeira ocupación ou de apertura e funcionamento.

3.- RESERVA DE ESPACIO DE MINUSVÁLIDO

Para obter a licencia de reserva de espaciao de minusválido, as peticións deberán acreditar:

- a) Que a persoa solicitante padece graves problemas de mobilidade, dos que se derive unha dependencia permanente de cadeira de rodas, muletas... etc.,

presentado informe dos Servicios Sociais Municipais no que se acredite tal extremo.

- b) Que se atope inscrito no Padrón Municipal de Outeiro de Rei.
- d) Que non dificulte nin supoña un perigo á circulación rodada ou ó tránsito de peatóns.
- e) Que o titular da solicitude esté ó corrente do pago de taxas e impostos municipais.

- f) Que a vivenda ou local á que preste servizo a reserva dispoña da preceptiva licenzia municipal de apertura, funcionamento ou primeira ocupación, según os casos.

ARTIGO 12º.- EMPRAZAMENTO DOS PASAXES PERMANENTES

Non se concederá licenzia de pasaxe permanente, aínda cando reúnan os requisitos do artigo 11, nos seguintes casos:

- a) Cando haxan de atravesar os vehículos unha zoa verde.
- b) Cando haxan de atravesar os vehículos unha acera pública de máis de 4 mts. de anchura, ou soportales de tránsito peatonal, salvo que se trate de garaxes comunitarios, ou cando o aproveitamento das prazas de aparcadoiro existentes e autorizadas polo concello o fagan inexcusable, a xuízo do técnico municipal competente.
- c) Cando haxan de atravesar os vehículos unha zoa de aparcamentos públicos en batería, salvo que se trate de garaxes comunitarios.
- d) Cando teñan que atravesar os vehículos unha zoa azul, salvo que se trate de garaxes comunitarios.
- e) Cando teñan que atravesar os vehículos unha acera con parterres intercalados, sempre que a distancia dende o bordillo ao local, medida perpendicularmente, supere os 5 mts., excepto garaxes comunitarios.
- f) Cando os locais para os que se solicita o vado, estén situados nunha zoa peatonal.
- g) Cando o acceso ao local se faga a través dun paso de peatóns.
- h) Cando o acceso ao local requira a retirada de farolas, árbores ou mobiliario urbán.
- i) Cando a porta do local se encontre a menos de 5 mts. duna esquina de rúa.
- j) Cando a distancia dende a entrada do vado a un semáforo sexa inferior a 10 mts., ou de 2 mts. a farolas ou calquer outro ben de dominio público.
- k) Cando para acceder ó inmovible sexa preciso realizar máis dunha manobra frontal de xiro.
- l) Cando poida desarmonizar pola proximidade dun monumento histórico artístico.
- m) Cando a excesiva proliferación de vados poida restrinxir o tránsito peatonal ou calquer outro uso xeral.

ARTIGO 13º.- INSTANCIAS

A instancia solicitando licenzia cursarase cumprindo os seguintes requisitos e acompañada dos documentos que se indican:

1. PARA PLACA DE PORTA CARRETERA:

- a) Plano de situación do local
- b) Fotocopia da escritura do local
- c) Certificado da Oficina de Recaudación Municipal de estar o corrente de pago dos impostos e taxas municipais.
- d) Copia da licenzia de apertura ou actividade municipal

2. PARA PLACA DE PASAXE PERMANENTE:

- a) Plano de situación do local
- b) Fotocopia da escritura do local ou, no seu defecto, plano ou planos de planta do local, debidamente acotados a escala 1:100 mínima, coa situación e dimensións de acceso.
- c) Copia da licenzia de obra municipal ou certificado da súa innecesariedade.
- d) No caso de locais comerciais, industriais e almacéns, ademais de requisitos anteriores, deberán aportar a licenzia de actividade e apertura de establecemento.

3. PARA RESERVA DE ESPACIO DE MINUSVÁLIDO:

- a) Os que se señalan nos apartados a) e b) do punto anterior, a excepción da escritura de propiedade, que poderá substituírse por copia de contrato de arrendamento ou dereito de usufructo.
- b) Documentación que acredite a minusvalía.
- c) Licenzia de primeira ocupación da vivenda ou de actividade e apertura de establecemento.
- d) Outras que o solicitante estime oportuno.

ARTIGO 15º.- AMPLIACIÓN OU CAMBIO DE ACTIVIDADE

Cando no local para o que se haxa concedido placa de pasaxe permanente ou porta carretera, se efectúen obras de modificación ou cambio de actividade do mesmo, cesará o dereito da devandita concesión, debendo ser retirada a placa polo titular, según se contempla no Art. 8º no seu parágrafo 3º.

ARTIGO 16º.- TRANSMISIÓN DE LICENCIAS

As licenzias de pasaxe permanente e porta carretera serán transmisibles xunto coa propiedade do local ó que se refiren, debendo ser notificado ó Concello a efectos de determinar o titular de ambos e as responsabilidades que de tal condición se derivasen, sempre que non se produza reforma do local ou cambie a actividade a que viña destinado, en cuos casos será necesario solicitar e obter nova licenzia.

As licenzias de reserva de minusválido serán intransmisibles.

ARTIGO 17º.- RASANTE

A construción de rebaxe de bordillo, como consecuencia de pasaxe permanente non alterará a rasante oficial na liña marcada pola intersección da fachada e a acera, non podendo rebasar unha anchura de 5 mts. Para anchuras superiores deberá

xustificarse polo solicitante a súa necesidade, e previo informe técnico poderase autorizar.

En ningún caso serán superiores á anchura do acceso ó inmovible correspondente.

ARTIGO 18º.- OBRAS E A SUA EXECUCIÓN

As obras para construír, modificar ou suprimir pasaxes permanentes ou reserva de minsválidos realizaranse por persoa competente designada polo titular, según as cotas consignadas no plano presentado coa solicitude e sempre baixo a supervisión dos Servicios Municipais:

- a) **Rebaixe de bordillo.**- O bordillo existente rebaixarase e colocarse en toda a anchura do vado, ata quedar a cota 0,00 mts. sobre a rasante da calzada e un plano inclinado de 0,60 mts. para gañar a cota da acera. A través dos Servicios Técnicos proñoñeranse outros sistemas e formas de construción, da anteriormente descrita, cando o estimen oportuno.
- b) **Reforzo de acera.**- Dispoñerase un afirmado composto de 20 cm. de material granular e 20 cm. de formigón de 250 Kg/m³ de cemento. Os Servicios Técnicos poderán proñoñer outro tipo de reforzo cando o estimen conveniente por motivos especiais dos vehículos.
- c) Repoñerase o pavimento existente na acera (baldosa, formigón, etc.), de forma que non exista discontinuidade no pavimento do resto da acera.
- d) Unha vez realizada a excavación e o extendido da capa granular darase conta ós Servicios Municipais para que realicen a inspección dos traballos efectuados e den o visto e prace para a execución da obra.
- e) As obras deberán ser rematadas completamente, para que sexan entregadas ó titular as placas distintivas, previo informe favorable dos Servicios Técnicos.

ARTIGO 19º.- MODIFICACIÓNS

Os titulares de licencias solicitarán á Administración Municipal autorización para efectuar no mesmo calquer modificación.

ARTIGO 20º.- SUPRESIÓNS

A supresión do vado, despois de comprobada polos servizos municipais, dará lugar á anulación da licencia.

ARTIGO 21º.- ANULACIÓN DE LICENCIAS

As licencias de pasaxe permanente e reserva de espazo de minsválido, quedarán automaticamente anuladas por incumplimento de calquera das obrigas impostas nesta Ordenanza, expresamente por:

- a) Non conservar en perfecto estado o pavimento, incluso paramentos verticais, si os houbera.
- b) Destinar o local a fines distintos dos declarados polo titular.
- c) Falla de uso, o uso indebido da pasaxe ou reserva.
- d) Modificación das circunstancias que orixinaron a concesión.

- e) Ser propietario do local outra persoa que non sexa o titular da concesión de reserva.
- f) Aquelas licencias que foron concedidas a persoas arrendatarias de locais e que transcurrido o prazo dun (1) ano dende a entrada en vigor desta Ordenanza, non haxan solicitado o cambio de titularidade a favor do propietario.

ARTIGO 22º.- SANCIÓN S

Cando se construa un rebaixe de bordillo e reforzo ou modificación de acera, sin haber obtido a correspondente autorización, a persoa a quen corresponda ser titular, quedará sometida ó réximen sancionador vixente por razóns de infracción urbanística.

Cando se coloquen placas ou outros elementos de sinalización de pasaxes permanetes, porta carretera ou reserva de minusválido sen a preceptiva autorización municipal, imporáse unha sanción de 750 euros.

A imposición da sanción urbanística será compatible coa imposición da sanción descrita no párrafo anterior.

ARTIGO 23º.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

A presente Ordenanza aplicarase no ámbito territorial do Municipio de Outeiro de Rei.

ARTIGO 24º.- REXISTRO DE LICENCIAS

A efectos de control e actualización sobre licencias concedidas, a dependencia municipal que tramite as autorizacións levará un Libro de Rexistro das mesmas. Un exemplar deste Libro, debidamente actualizado, estará permanentemente nas Oficinas Municipais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia.